



MEMORIA RESUMO EAPN-Galicia

2016

Nesta memoria

Presentación.....	3
VII Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva.....	4
VI Foro sobre Pobreza, Exclusión, Terceiro Sector e Voluntariado	5
Campaña X Solidaria.....	6
As persoas primeiro: #PobrezaGalicia.....	7
17 de Outubro. Día para a erradicación da pobreza.....	8
Construíndo rede, incidindo e participando	9



“As persoas primeiro: Compromisos, Coordinación, Causas e Dialogo Civil contra a pobreza e pola inclusión social”

Presentación

A Rede Galega Contra a Pobreza, EAPN-Galicia nace no ano 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-Es) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.



EAPN Galicia defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense consonte aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade e equidade de xénero.*

Os **obxectivos estratéxicos** da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) para o período 2016–2019 son as seguintes:

1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**.
2. Promover unha **participación igualitaria da base social e das persoas en pobreza ou exclusión** en EAPN.
3. Liderar o proceso de **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
4. Promover o recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) como actor básico.
5. Consolidar a estrutura organizativa da Rede e dala a coñecer no eido local.

Forman parte da EAPN-Galicia

ACCEM Galicia *Asamblea de Cooperación pola Paz * Boa Vida Inclusión Activa *Asociación Plataforma polo Emprego * **Asociación ARELA** * Boa Vida Inclusión Activa * Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol * Cáritas Diocesana Tui-Vigo * Cáritas Diocesana Ourense * Cáritas Diocesana Lugo *Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) *Ecos do Sur *Emaús Fundación Social *Federación Autismo Galicia *Saúde Mental FEFES Galicia *Federación Alzheimer Galicia *Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) *Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia) *Fundación Érguete Integración *Fundación Juan Soñador *Fundación Meniños *Fundación Secretariado Xitano *Fundación Ronsel *Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) *Médicos do Mundo * **Asociación para a Prevención e a Educación Social (A.P.E.S.)** *Fundación Amaranta * Fundación Humanismo y Democracia

VII Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva

O [Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva](#), na súa VII edición, contou coa participación de 83 asistentes. Co fin de fomentar a participación das persoas en risco de exclusión social tanto nas políticas sociais que máis

lles afectan como potenciando a súa participación e coñecemento no eido dos dereitos sociais, organizouse este seminario cuxas principais organizadoras foron as persoas membro do Grupo de traballo de Participación.

De camiño cara ás eleccións xerais e autonómicas, este Seminario, baixo o lema “Non pido axudas, esixo os meus dereitos!”, versou sobre os dereitos sociais mínimos que se deben cumprir para ter unha vida digna e a reclamación dos mesmos se non se cumpren.

Celebrouse o 3 de xuño na Casa das



Asociacións de Benestar Social de Santiago de Compostela e nel as profesionais e voluntarias das organizacións que forman parte da rede buscaron escoitar e aprender das verdadeiras protagonistas, as persoas en risco de pobreza ou exclusión, e estas teñen a oportunidade de falar e expoñer a súa perspectiva.

Realizáronse 3 Talleres previos e 6 grupos de Traballo. Elaborouse 1 vídeos do Seminario e houbo unha presenza activa en Encontros Participación Valencia e Bruxelas.

VI Foro sobre Pobreza, Exclusión, Terceiro Sector e Voluntariado

Baixo o lema “[Crecemento Inclusivo, emprego digno e loita contra a pobreza](#)”

este VI Foro, como nos anteriores, tivo como obxectivo é contribuír á capacitación das persoas asistentes en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión activa.

Para favorecer o debate en positivo de propostas que mellores a actuación e dar a coñecer experiencias de éxito organizáronse 5 diálogos sobre materias relacionadas coa inclusión sociolaboral.

- Mellorando a Inclusión Laboral
- Cómo melloramos as iniciativas de Garantía Xuvenil e Emprego Xuvenil?
- Cómo melloramos a relación entre servizos sociais e emprego?



- Cómo melloramos a integración das persoas desempregadas de longa duración no mercado laboral?
- Cómo melloramos a Formación para o emprego?

Como produto deste VI Foro elaborouse o dossier *“O que debes saber do emprego”* que contén información básica en materia de emprego (terminoloxía básica, programas e servizos para persoas desempregadas e datos estatísticos da situación galega) dirixida á poboación en xeral.

O VI Foro de capacitación sobre pobreza, exclusión social, terceiro sector e voluntariado tivo lugar o 30 de novembro na Facultade de Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Campaña X Solidaria

O 12 de abril, realizouse en Santiago de Compostela unha campaña de sensibilización que tiña por obxectivo informar aos cidadáns da importancia de marcar a “X” no recadro de “Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social”, das cifras



recadadas o ano pasado e explicar a que proxectos se destinaron os seus cartos. O Terceiro Sector de Acción Social de Galicia, como impulsor desta Campaña, que tamén se levou a cabo a través das redes sociais, fai forza para que nun contexto de crise que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuíntes para o recadro chamado ‘Fins Sociais’.

No acto de presentación da Campaña do X Solidario 2016 interviñeron Anxo Queiruga, presidente do CERMI-Galicia, Gema Filgueira, presidenta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento e Antonio Hernandez, presidente da Rede Galega Contra a Pobreza.

As persoas primeiro: #PobrezaGalicia

Con motivo das eleccións autonómicas, lanzouse a campaña de comunicación [“As persoas primeiro: #PobrezaGalicia”](#), a través da cal se realizaron diferentes actividades co fin de por as persoas en risco de pobreza ou exclusión no centro do debate político.

A través dun proceso participativo, elaborouse o documento “As persoas primeiro” (propostas dirixidas as diferentes formacións políticas), que facía chegar aos distintos candidatos á presidencia unha petición de compromiso pola loita contra a pobreza e a exclusión que emana das persoas que se atopan nela.

Baixo o lema *“Compromisos, coordinación, causas e diálogo civil”* a campaña incluíu xuntanzas públicas coas formacións políticas, a divulgación dun decálogo no que se resumiron as medidas que se consideran urxentes e a posta a disposición das votantes dunha web específica na que poder acceder aos contidos da campaña: ó decálogo, ás 50 demandas concretas e datos da Comunidade no tocante á pobreza, desigualdade, emprego e exclusión social.

Como ferramenta de traballo para a nova lexislatura elaborouse un [documento comparando os programas electorais](#), nos eidos de política social e Emprego, dos partidos presentes no Parlamento na nova lexislatura así como o seu grau de acordo coas demandas de EAPN Galicia.



AS PERSOAS PRIMEIRO
CONTRA A POBREZA E
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL

#PobrezaGalicia



17 de Outubro. Día para a Erradicación da Pobreza

Como todos os anos, no marco do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, tivo lugar [un acto na sede da Valedora do Pobo](#), no que participaron a propia Valedora, persoas voluntarias e traballadoras das organizacións, o presidente de EAPN-Galicia, Antonio Hernández –en representación das entidades que conforman a rede–, CERMI Galicia, Coordinadora Galega de ONGD e representantes dos catro grupos políticos do Parlamento de Galicia, a presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, responsables das áreas de Emprego e Inclusión Social Xunta de Galicia e dos colexios profesionais de Psicoloxía e Traballo Social.



No acto presentáronse os principais retos na loita contra a pobreza e a exclusión social ante o alarmante aumento destas taxas. Baixo o lema “*As persoas primeiro: Somos persoas, non expedientes!*”, Antonio Cortiñas e Laura Segade, fixeron a lectura do manifesto realizado en base ás conclusións dos Encontros de Cidadanía Inclusiva e Participación de persoas en situación de pobreza celebrados en Santiago de Compostela e Valencia.

Ademais, o Presidente da EAPN, Antonio Hernández, reclamou de novo a necesidade de políticas de inclusión a longo prazo e o fin das medidas paliativas, urxentes e asistenciais, así como o cumprimento das catro C's: **Compromiso** orzamentario e planificación estable, **coordinación** entre Administracións Públicas e organizacións sociais, loita contra as **causas** da pobreza e **diálogo** civil.

Por último, expuxéronse tamén as principais conclusións do informe “[O estado da pobreza 2016](#)” [elaborado por EAPN-](#)




[Espanña](#), que constata o empeoramento xeneralizado da situación social española dende 2009. As persoas en pobreza severa (con ingresos inferiores a 332€ ao mes) xa son o 4.8% da poboación galega, situación que se ensaña especialmente co 27,6% da infancia, o 36,7% da mocidade e coas familias monoparentáis.

Ademais moitos dos novos empregos creados son precarios ou de baixa calidade aínda que mellora levemente a baixa intensidade laboral nos fogares (un 13,8% no 2016, fronte ao 14,9% do 2015). Para aumentar esta información e fomentar o coñecemento sobre a situación da pobreza en Galicia elaborouse a ficha *“O que debes saber sobre a pobreza”* dirixida á poboación en xeral, responsables políticos e medios de comunicación.

Construíndo rede, incidindo e participando

Co obxectivo de fortalecer a rede, establecer novas alianzas entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, e ser interlocutor de referencia dando a coñecer a entidade e as súas actuacións, EAPN-Galicia levou a cabo e/ou participou en diversas accións e actividades que se relacionan a continuación:

- [Sinatura da Axenda Social de Galicia](#), xunto a o presidente da Xunta de Galicia e a FEGAMP, recoñecendo o dialogo civil coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego e medidas en torno as tres “C” que resumen as demandas de EAPN Galicia: causas que provocan a pobreza, compromiso de tódolos sectores implicados e coordinación política e técnica entre as administracións publicas implicadas independentemente da súa cor política.
- Informes: “A situación da vivenda en Galicia 2016”, [“Estratexias integrais para persoas sen fogar”](#), “regulamento Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia”, “A situación das persoas estranxeiras comunitarias e o seu acceso á RISGA”, [“Unha ollada ao futuro. Propostas da mocidade](#) en materia



de emprego” e “Cláusulas sociais na contratación pública de servizos sociais e/ou programas sociais”.

- Creación do [Grupo de Participación Xuvenil](#) de EAPN–Galicia.
- Defendemos un [Concerto social](#) que garanta uns servizos sociais de calidade e sen ánimo de lucro para todas as persoas.
- Seminario en Comunicación Solidaria (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra).
- Seminario “[Inclusión dixital e novas tecnoloxías para a acción social](#)”
- Plan interno de Xestión do Voluntariado e Participación
- Mapa de recursos do Terceiro Sector Social coas 128 entidades membro de EAPN–Galicia



- Elaboración do [Plan Estratéxico EAPN–Galicia 2016–2019](#)

- Participación nos comités de seguimento do Fondo Social Europeo (FSE) e o Plan de Desenvolvemento Rural 2014–2020.

- Difusión en Galicia da [consulta sobre o Pilar Europeo de Dereitos Sociais](#).
- Apoio puntual ao Comité Estatal de Seguimento dos Fondos de Axuda Europea as Persoas Desfavorecidas (FEAD)
- Borrador da Lei Galega de Diálogo Civil e Terceiro Sector Social.

O 14 de outubro do 2016, EAPN Galicia tivo a honra de recibir o premio [“Dolores Llópez: Psicoloxía e Sociedade 2016”](#) outorgado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en recoñecemento á rede *“polo traballo realizado dende o 2008 a prol da loita contra a pobreza e a exclusión social, a través da incidencia en políticas sociais así como pola labor de cada unha das 126 entidades do Terceiro Sector Social galego que a conforman e que loitan día a día en contra dos prexuízos, estereotipos e estigmatización das persoas máis vulnerables”*.

